



## Brasil e nÃ³s

### Description



**Para os brasileiros, os galegos somos galegos. Con eles non somos vítimas do orgullo portugués antiespañol que tanto dificulta o entendemento bilateral pese ás manifestacións múltiples en sentido contrario, e que é alimentado tamén polo orgullo español antiportugués. Os brasileiros están libres deses prexuízos e desa guerra e iso abre enormes posibilidades para o entendemento e unha comprensión liberada da presión territorial, que acaba por asolagar as mentes.** (Foto: Cataratas do Iguazu no Parque Nacional do Iguazu, en Brasil. Esta escultura da natureza, que fai de fronteira entre Arxentina, Paraguai e Brasil, está cicelada coas cores de Galicia, branca e azul, e de Brasil, verde e amarela).

Deberíamos pensar máis en Brasil. Castelao dicía que a nosa lingua florece en Portugal, probablemente pensando en algo máis que a propia lingua, no futuro mesmo político-territorial que debía acomodar a península doutro xeito. Dende entón, sobre todo, non se entende a acción exterior de Galicia sen Portugal, espazo ao que se agregou nos últimos anos, en menor contía, a reivindicación do mundo lusófono. Pero Brasil seguía quedando lonxe.

Claro que, para Galicia, Portugal é un asunto clave en moitos dominios e debe seguilo sendo. A importancia das relacións económicas é incuestionable e os vínculos desenvolvidos nos catro últimos lustros son moi significativos, a pesar das carencias. Pero para os que, ademais das contas, barallamos outros referentes, cabe dicir que os esforzos realizados con tanta paixón e con tanto tesón, non deron aínda os resultados esperados e mesmo os avances rexistrados foron claramente insuficientes.

En Portugal custa moito que o problema de Galicia se entenda e mesmo entre as persoas máis achegadas non se acaba de albiscar o asunto de fondo. E non se trata, penso eu, de que na dereita ou na esquerda portuguesa, o galeguismo, así entendido nun sentido amplo, saiba a nacionalismo disgregador e iso signifique unha convocatoria universal de todos os demos e temores. Non, o problema é máis sinxelo e estriba, en termos xerais, en que os portugueses seguen vendo aos galegos como españois, e non acaban de vernos como galegos.

A aproximación identitaria, cultural e lingüística quedou moi por baixo das expectativas e ata diría que fracasou. Un galego pode esforzarse por falar portugués cun veciño do outro lado da raia e o máis probable aínda hoxe é que el se esforce en falar castelán. Non é cuestión de amabilidade ou exhibición de rexistros lingüísticos, é, desenganémonos, porque cruzando o Miño está España e punto. Se un vai a Valençã e di que se chama Xulio, non entenderán o do x, un sinal tan claro e visible da nosa lingua.

Para os brasileiros, como comentaba estes días durante a visita de frei Betto, os galegos somos galegos. Con eles non somos vítimas do orgullo portugués antiespañol que tanto dificulta o entendemento bilateral pese ás manifestacións múltiples en sentido contrario, e que é alimentado tamén polo orgullo español antiportugués. Os brasileiros están libres deses prexuízos e desa guerra e iso abre enormes posibilidades para o entendemento e unha comprensión liberada da presión territorial, que acaba por asolagar as mentes. Estou convencido mesmo de que moita sociedade portuguesa

acabaría entendendo mellor o problema de Galicia (ou cando menos faría máis esforzo nese empeño) se advirten que os brasileiros son capaces de achegarse a Galicia e de instrumentar con nós unha relación máis rica e máis igualitaria. Certo que dar un rodeo por Brasil para que en Portugal se nos vexa como o que somos pode resultar un tanto extravagante, pero o simple contacto con uns e con outros induce claramente a pensar e reflexionar sobre a desigual resposta obtida á formulación de propostas de relación nas que o sentido de país agrome sen sombras limitadoras.

Por iso, entre outras cousas, debíamos pensar en serio nunha ambiciosa estratexia de aproximación a Brasil.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

## **APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS**

Acción exterior de Galicia ARQUIVO

### **IDIOMA**

Galego

### **INVESTIGACION**

Paradiplomacia

### **Date Created**

Novembro 17, 2005

### **Meta Fields**

**Autoria :** 3717

**Datapublicacion :** 2005-11-17 00:00:00